



PREGUNTAS FRECUENTES

Procesos selectivos extraordinarios de estabilización derivados da Lei 20/2021

1. Quen pode participar nestes procesos de estabilización?

Os procesos selectivos de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, son de libre concorrência e, polo tanto, pode presentarse calquera persoa interesada que reúna os requisitos establecidos nas convocatorias.

2. Podo presentar solicitude de participación ao concurso e o concurso-oposición no mesmo corpo ou escala?

Si. Pero só será nomeado nun dos procesos.

3. Teño que presentar documentación xunto coa solicitude para acreditar os méritos?

Non. A única documentación que ten que incorporar de maneira electrónica é o título de galego. Toda a documentación que presente tanto electronicamente como por rexistro terase como presentada fora de prazo.

4. Son persoal funcionario de carreira, podo participar nestes procesos?

Si, agás para o mesmo corpo, escala ou especialidade na que xa ten a condición de funcionario de carreira da Xunta de Galicia.

5. Quero presentarme pola quenda de discapacidade, que teño que cubrir no formulario de inscrición?

Ten que marcar a vía de acceso "libre" e en cota de reserva de discapacidade marcar "Si"

6. Teño declarada unha Incapacidade Permanente Total. Podo presentarme pola quenda de discapacidade?

Non. Seguindo a doutrina xurisprudencial e as instrucións da Consellería de Política Social, a Incapacidade Permanente Total non habilita para presentarse pola quenda de discapacidade. As persoas que acrediten esta incapacidade deberán ser valorados e o seu grao de discapacidade será o que determine o recoñecemento.

7. Que titulación se require para participar nestes procesos?

A titulación requirida para cada corpo, escala, especialidade ou categoría está nun anexo da convocatoria en función do subgrupo ao que se accede (A1, A2, C1, C2 e AP).

8. Teño que cumprir o requisito da titulación esixida no meu proceso selectivo no momento da solicitude de participación?

Non. Tal e como se indican nas convocatorias, deberás estar en posesión da titulación esixida ou en condición de obtela, antes da publicación no DOG da resolución das persoas aspirantes que superan o proceso selectivo.

9. Teño que acreditar a titulación coa solicitude de inscrición?

Non ten que acreditarla. Coa solicitude de inscrición vostede autoriza a consulta da titulación. No caso de opoñerse a esta consulta o órgano convocante sinalará un prazo de presentación nun momento anterior a confección por parte do tribunal da listaxe de persoas que superan o dito proceso.



10. Naquelas escalas/especialidades nos que se esixe o graduado en ESO pode presentarme co graduado escolar?

Si. O título de graduado escolar é equivalente a efectos laborais ao título de graduado en ESO.

11. Debo presentar o título de galego coa solicitude?

Si. Debe achegarse coa solicitude, sendo suficiente unha copia simple que se incorporará de xeito electrónico xunto á solicitude na aplicación informática habilitada para a inscrición. Se non ten o nivel de coñecemento da lingua galega requirido realizase unha proba substitutoria.

O nivel de galego esixido para cada convocatoria é:

- Subgrupo A1, A2 e C1 e G.I, G.II e G.III de persoal laboral: Celga 4
- Subgrupo C2 e G.IV de persoal laboral: Celga 3
- Agrupación profesional e G.V de persoal laboral : Celga 2

12. Ata que data teño que calcular os méritos?

Os méritos deberán referirse ata a data de publicación da convocatoria. Para os procesos selectivos convocados por concurso a data é o 26/12/2022 e para os procesos selectivos convocados por concurso-oposición a data é o 27/12/2022

13. Teño que presentar os documentos acreditativos dos méritos coa solicitude de participación?

Non. Soamente ten que cubrir un formulario de declaración de méritos que estará incluído na solicitude de inscrición, pero non se debe achegar neste momento ningunha documentación, agás o título de galego esixido na convocatoria.

14. Que servizos prestados computan nestes procesos?

Só se valoran servizos prestados con vinculación temporal no propio corpo, escala, especialidade ou categoría profesional ao que se opte.

15. Como reflexo na declaración de méritos a experiencia profesional?

Ten que calcular o número total de días e dividir o resultado entre 30, collendo o número enteiro e despregando os decimais.

16. Teño períodos de experiencia laboral como redución de xornada por razóns de garda legal ou coidado de familiar, como teño poñelos na declaración de méritos?

As reducións de xornada por razóns de garda legal ou coidado de familiar computan como xornada completa.

17. Teño un período de excedencia para coidado de fillos. Compútame este tempo como experiencia laboral?

Si. Considéranse servizos efectivos os prestados na situación de servizos especiais e de excedencia para coidado de fillos/as e familiares (artigos 168 a 176 da LEPG), a excedencia por razón de violencia de xénero de conformidade co establecido no artigo 177 da LEPG e a excedencia por razón de violencia terrorista (artigo 177.bis da LEPG).

18. Teño 12 meses traballados a media xornada, que teño que poñer na declaración de méritos?

Os servizos prestados en xornadas inferiores á completa valoraranse proporcionalmente. Polo tanto, ten que poñer 6.



19. Teño un período de vacacións retribuídas e non desfrutadas. Contan como experiencia laboral?

Si. As vacacións retribuídas e non desfrutadas compútanse como experiencia profesional, sempre e cando non coincida con outros servizos efectivamente prestados. Un mesmo período en ningún caso se computará dúas veces.

20. Que exercicios superados en procesos selectivos anteriores computan nestes procesos?

Soamente os exercicios ou probas de procesos selectivos convocados con data posterior ao 1.1.2001. Cando un exercicio estea composto de varias probas só se terá en conta o exercicio no seu conxunto. Non se terán en conta as probas superadas para acreditar o coñecemento de idiomas ou probas psicotécnicas.

Valoraranse os exercicios superados na escala/especialidade e nas categorías profesionais equivalentes do persoal laboral.

21. No proceso selectivo no que me quero inscribir non houbo exercicios ou probas de procesos selectivos con posterioridade ao 1.1.2001. Que teño que poñer na declaración de méritos neste apartado?

Se non houbo procesos selectivos con posterioridade a esta data xa non sairá este apartado na declaración de méritos que ten que cubrir e a puntuación deste apartado asignarase ao apartado de formación incrementando a súa puntuación máxima en 7,5 puntos.

22. Que cursos de formación realizados computan nestes procesos?

Valóranse os cursos de formación de duración igual ou superior a 8 horas lectivas, calquera que sexa a materia sobre a que versen, sempre que estean organizados ou impartidos polos organismos que establecen as propias convocatorias.

23. Como reflexo na declaración de méritos os cursos de formación?

Para os cursos de duración superior ou igual a 100 horas lectivas ten que poñer o número de cursos e para os cursos de duración inferior a 100 horas lectivas ten que poñer a suma total do número de horas de todos os cursos.

24. Que sucederá se obteño praza en máis dunha escala, corpo ou categoría dos procesos extraordinarios de estabilización?

Segundo o artigo 11.1 de la Lei 5/2022, do 21 de decembro, de medidas urxentes para a redución de temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, unha mesma persoa aspirante non poderá ser proposta para adquirir a condición de persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo en máis dunha escala, corpo ou categoría profesional tanto na Administración xeral como nas entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico. Neste caso a persoa aspirante deberá comunicar ao órgano convocante a súa opción e será excluída doutro proceso.

25. Poderase solicitar a excedencia como consecuencia de ter superado algún destes procesos selectivos?

Segundo o artigo 11.2 de la Lei 5/2022, do 21 de decembro, de medidas urxentes para a redución de temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, as persoas que adquiren a condición de persoal funcionario de carreira ou de persoal laboral fixo como consecuencia dos procesos selectivos previstos nesta lei deberán permanecer en servizo activo na devandita escala, corpo ou categoría un mínimo de dous anos desde a toma de posesión antes de concedérselles excedencia por interese particular ou por prestación de servizos no sector público.



26. Cal é o prazo para solicitar a devolución da taxa por ingresos indebidos e cal é o modelo para solicitala?

Tal e como dispón cada unha das convocatorias, a Administración devolverá o importe ingresado en concepto de dereitos de exame a aquelas persoas excluídas de maneira definitiva, ou ben que non figuren en ningunha das listaxes, e que así o soliciten no prazo de dous (2) meses a partir do día seguinte ao da publicación no DOG das listas definitivas de persoas admitidas e excluídas. Para isto, deberán presentar un escrito no que soliciten a devolución e no cal consten todos os datos do modelo que se achega:

[Modelo devolución taxas](#)

27. Obtiven un posto na mesma categoría, corpo, grupo ou escala en virtude do proceso selectivo que se atopa en execución, podo solicitar a devolución da taxa?

Si. Tal e como dispón cada unha das convocatorias, a Administración devolverá o importe ingresado en concepto de dereitos de exame a aquelas persoas que obtivesen un posto na mesma categoría, corpo, grupo ou escala en virtude do proceso selectivo que se atopa en execución, e que así o soliciten no prazo de dous (2) meses a partir do día seguinte ao da publicación no DOG das listas definitivas de persoas admitidas e excluídas. Para isto, deberán presentar un escrito no que soliciten a devolución e no cal consten todos os datos do modelo que se achega:

[Modelo devolución taxas](#)

28. Cando remata o prazo de presentación de solicitudes de participación nestes procesos?

O prazo de presentación de solicitudes remata o día 17 de febreiro (incluído).

29. Cales son os procesos selectivos que non tiveron convocatorias desde o 1 de xaneiro de 2001??

Os procesos selectivos que non tiveron convocatorias nin na escala/especialidade convocada nin nas categorías profesionais equivalentes de persoal laboral son:

Subgrupo A1

- Escala de enxeñeiros. Especialidade enxeñaría química
- Escala de ciencias. Especialidade ciencias do mar
- Escala de ciencias. Especialidade física
- Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros
 - Especialidade navegación marítima
 - Especialidade pesca marítima
 - Especialidade bioloxía pesqueira
 - Especialidade máquinas e instalacións mariñas
 - Especialidade lexislación marítima
 - Especialidade inglés marítimo
 - Especialidade formación e orientación laboral
 - Especialidade procesos de cultivo acuícula
 - Especialidade intervencións subacuáticas e hiperbáricas
- Escala de restauración. Especialidade de bens artísticos e arqueolóxicos
- Escala superior de sistemas de información xeográfica

Grupo I persoal laboral

- Categoría 32. Técnico/a superior en centros de arte.
- Categoría 38. Técnico/a superior defensa contra incendios forestais.



Subgrupo A2

- Escala de mestres de taller de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros
 - Especialidade servizos ao buque
 - Especialidade máquinas e produción
 - Especialidade traballos técnicos de mergullo
- Escala técnica de restauración. Especialidade de bens artísticos e arqueolóxicos

Grupo II persoal laboral

- Categoría 4. Mestre/a instrutor/a. Instrutor/a. Mestre/a taller da C. de Educación FP. Monitor/a de actividades docentes. Monitor/a (titulado/a medio/a).
- Categoría 5. Profesor/a. Profesor/a titular. Profesor/a EB. Mestre. Profesor/a de educación física. Profesor/a de matemáticas.
- Categoría 9. Axudante/a de desenvolvemento rural.
- Categoría 39. Técnico/a forestal defensa contra incendios forestais.

Subgrupo C1

- Escala operativa do Servizo de gardacostas de Galicia
 - Especialidade patrón
 - Especialidade mecánico
- Escala técnica de recursos naturais e forestais
 - Especialidade mecánico naval
 - Especialidade patrón embarcación
 - Especialidade guía intérprete de patrimonio natural
- Escala técnica en reprodución cartográfica

Grupo III persoal laboral

- Categoría 3. Controlador/a pecuario/a. Axudante/a técnico/a pecuario/a.
- Categoría 15. Experto/a en exposicións.
- Categoría 34. Especialista de oficios (debuxante).
- Categoría 36. Experto/a audiovisuais.
- Categoría 37. Técnico/a de son.
- Categoría 43. Encargado/a estrutura escénica. Encargado/a de taller de escenografía. Técnico/a de máquinas do IGAEM.
- Categoría 54. Técnico/a especialista en radioloxía (TER).
- Categoría 54B. Hixienista dental.
- Categoría 71. Oficial/a de primeira xardineiro/a.
- Categoría 94. Técnico/a auxiliar en imaxe e son.
- Categoría 98. Auxiliar de luces.
- Categoría 101. Proxeccionista.
- Categoría 104. Intérprete de linguaxe de signos

Subgrupo C2

- Escala de persoal de servizos xerais (PSX)
- Escala de xerocultor/a (
- Escala auxiliar de recursos naturais e forestais
 - Especialidade oficial
 - Especialidade mariñeiro vixilante

Grupo IV persoal laboral

- Categoría 20. Conserxe (cando teñan ao seu cargo persoal subalternos ou ordenanza).
- Categoría 21. Oficial/a 2ª carpinteiro/a. Auxiliar carpintaría.
- Categoría 24. Xastre/a.
- Categoría 25. Cargador/a. Tremoista.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Categoría 34. Axudante de restauración e proxección cinematográfica.

Para máis información, deberán dirixirse a:

<https://www.xunta.gal/funcion-publica/seccion-procesos-selectivos/informacion-xeral>

Teléfono: 012 (981 900 643)

Correo-e: 012@xunta.gal